

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 7 DE XUÑO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTO DE LEI**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Proxecto de Lei de Fomento da investigación e a innovación de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao.
- Decreto polo que se aproba o Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dez millóns trescentos dez mil setecentos sesenta e nove euros con cincuenta e un céntimos (10.310.769,51 euros) da obra de acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0509, concello de Arteixo. Convenio Axencia Galega de Infraestruturas-Deputación da Coruña 08/05/2012.

- Acordo polo que se aproba a modificación do Plan Económico Financeiro Global para o ano 2012 da Sociedade Pública de Investimentos, S.A. (SPI-Galicia, S.A.).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e a Asociación Impulsora Plan Lugo (AIPL), para o fomento do Plan Impulsa Lugo, por importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a empresa Repsol Butano, S.A., para o desenvolvemento no bienio 2012-2013 de redes de distribución de GLP en núcleos de poboación, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder 2007-2013, por importe total de oitenta e sete mil cincocentos euros (87.500,00 euros).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación coas axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012, cofinanciados polo Fondo Social Europeo por un importe de cinco millóns cincocentos corenta e dous mil douscentos euros (5.542.200,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento dunha addenda segunda ao Convenio, asinado o 1 de decembro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (Grumico), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e oito mil douscentos vinte e seis euros con oito céntimos (48.226,08 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento da addenda segunda ao Convenio de colaboración, asinado o 15 de decembro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cento catro mil setecentos trinta e dous euros con vinte e oito céntimos (104.732,28 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III para a realización en Galicia dun sistema de vixilancia epidemiolóxica molecular da infección por VIH, resistencias transmitidas e tropismo, por un importe de corenta e cinco mil catrocentos trinta euros (45.430,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Ribeira, para a ampliación da escola infantil 0-3 municipal. Importe total: setecentos corenta mil euros (740.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto da liña de alta tensión a 132 kv Subestación Folgosa, sobre a que cualifica os montes veciñais en man común Trabas, Cobreira, Grandas, Penatallada e Reme; e Os Chaos, pertencentes respectivamente ás comunidades de montes veciñais en man común de Anzas de Covelas e Piñeira, no concello de Ribadeo, Lugo, promovido por E. ON Distribución, S.L. Superficie total de afección: 4,4289 ha.

## **A NOVA LEI DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA XUNTA CRÉASE PARA FAVORECER A XERACIÓN DE RIQUEZA E EMPREGO COS RESULTADOS DA I+D+i**

- ***O Goberno galego busca priorizar a eficiencia no uso dos recursos e a transferencia dos resultados desde a investigación á empresa***
- ***O Consello da Xunta aproba este proxecto de lei, consensado co Sistema Galego de Innovación, que será remitido ao Parlamento de Galicia***
- ***Tras 20 anos de vixencia da antiga norma, a nova lei céntrase en acelerar o cambio cultural na empresa galega e a transformación do modelo produtivo coa I+D+i como vantaxe competitiva da economía galega***
- ***A norma prevé a creación de órganos destinados a mellorar a xestión e o control dos recursos dedicados á I+D+i e aumentar a implicación dos axentes do sistema na toma de decisións***

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de Lei de fomento da investigación e a innovación de Galicia, elaborada pola Consellería de Economía e Industria co obxectivo de facer da Comunidade Autónoma o contexto máis favorable para a colaboración entre as administracións públicas e as entidades privadas, especialmente as empresas, na xeración de riqueza e emprego de calidade a través dos resultados obtidos da I+D+i.

A nova norma está centrada en acelerar o cambio cultural na empresa galega e a transformación do modelo produtivo, no cal o I+D+i ten que converterse nunha das principais vantaxes competitivas da economía galega, tanto no mercado nacional como internacional. Esta lei foi consensada pola Xunta co Sistema Galego de Innovación, coa incorporación das achegas das universidades galegas e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e, despois da súa aprobación no Consello, remitirase ao Parlamento Galego para a súa aprobación e posterior entrada en vigor.

Tras os vinte anos de vixencia da antiga norma, a nova lei destaca como novidade a incorporación da valorización e a transferencia de resultados de investigación á empresa. Isto débese á vontade de establecer un retorno do investimento público que reverta directamente na sociedade e lles permita seguir avanzando ás universidades, centros de investigación e ás empresas. Ademais, acorde coa realidade actual e adaptada ao escenario económico vixente, o proxecto de lei adáptase ás normativas e recomendacións estatais e europeas (Estratexia Europa 2020).

No texto recóllese a necesidade de que os centros de coñecemento e, en particular, a Universidade, fagan plenamente compatible o reto de optimizar a excelencia científica da súa investigación básica co esforzo de manter unha colaboración estreita e permanente coa empresa privada.

Ademais, a norma modifica a estrutura orgánica da Xunta para dar cabida á nova Axencia Galega de Innovación adscrita á Consellería de Economía e Industria, que comezou a funcionar recentemente coa función de xestionar e executar o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C) 2011-2015. Precisamente a lei reafirma os obxectivos trazados neste plan, enfocado a estimular e impulsar a innovación empresarial, especialmente a través do fomento dunha maior implicación e dun maior investimento das empresas galegas que deben ver a innovación como un factor de crecemento.

### **Mellora da xestión e incremento da participación**

Por outra banda, o proxecto de lei sustenta a nova organización da gobernanza do Plan i2C, creando un novo Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia como órgano colexiado de participación e consulta dos axentes do sistema, co obxectivo de facilitar a súa implicación nas tomas de decisión dun xeito organizado e dinámico.

A maiores, incídese no Plan i2C como o instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia, detallando a súa estrutura mínima en canto a obxectivos e contidos, así como a súa elaboración, xestión e seguimento, ademais dos requirimentos de financiamento e actualización.

Ademais de primar o papel da Axencia Galega de Innovación, na Lei prevese a creación do Rexistro de Axentes do Sistema Galego de Investigación e Innovación e do Observatorio Galego de Innovación para agrupar e integrar toda actividade investigadora e innovadora xestionada con fondos públicos.

O Observatorio de Innovación será a ferramenta principal de avaliación e retroalimentación continua das políticas públicas de innovación desenvolvidas en Galicia. Ademais, farase cargo da monitorización da actividade innovadora do conxunto do Sistema Galego de Innovación e das diferentes ramas de actividade económica da Comunidade. Pola súa banda, o Rexistro de Axentes terá como función apoiar a catalogación e seguimento dos axentes galegos implicados na xeración, difusión e valorización de coñecemento.

## **MANUELA LÓPEZ BESTEIRO, ROMÁN GARCÍA VARELA, FEDERICO MARTINÓN SÁNCHEZ, ARSENIO IGLESIAS E MICHEL SALGADO, MEDALLA CASTELAO 2012**

- ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2012, coa cal a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade humana. O decreto aprobado hoxe acorda distinguir a profesora e ex conselleira Manuela López Besteiro, ao maxistrado do Tribunal Supremo Román García Varela, ao doutor en Medicina e especialista en Pediatría e Puericultura Federico Martinón Sánchez, ao ex futbolista e adestrador Arsenio Iglesias Pardo, e ao xogador de fútbol Michel Salgado.

### **Manuela López Besteiro**

Galega de Castroverde, esta profesora de educación infantil, profesora de bacharelato e inspectora de educación conta cunha importante traxectoria política. Foi deputada autonómica dende 1990 e 2009 e desempeñou distintos cargos de responsabilidade na administración autonómica galega.

Destaca especialmente a súa etapa como conselleira, na que aproba medidas moi importantes como a Lei galega de familia, infancia e adolescencia; a posta en marcha do I Plan integral de apoio á familia e do Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas. En materia de emprego, o seu departamento negociou co goberno central a transferencia das políticas activas de emprego a Galicia, primeira comunidade en asumir as ditas competencias xunto con Cataluña.

### **Román García Varela**

Natural de Sarria, accedeu ao Tribunal Supremo en 1989, sendo o maxistrado máis novo que accedía ao Alto Tribunal, con só 48 anos. Antes, Román García Varela iniciara a súa carreira xudicial cun primeiro destino en Álava, ao que seguiron outros en Cuenca, en Galicia, Cataluña, e finalmente Ocaña, onde ascendeu a maxistrado, e como tal exerceu en Vitoria, Alcalá de Henares e en Madrid. Posteriormente, en 1986, foi nomeado inspector delegado do Consello Xeral do Poder Xudicial, e, tres anos despois, xefe de servizo de Inspección do propio Consello.

Xa como maxistrado do Tribunal Supremo, en 1996 converteuse en maxistrado da Sala Primeira, a do Civil, e, ademais, é maxistrado participante na Sala Especial do artigo 61

da Lei Orgánica do Poder Xudicial, que é a que coñece dos procesos de ilegalización dos partidos ou dos procesos sobre declaración de erro xudicial.

### **Federico Martín Sánchez**

Galego de Ourense, é licenciado e doutor en Medicina, especialista en Pediatría e Puericultura. É membro de 25 asociacións científicas nacionais e internacionais, entre elas a Real Academia Galega e a Española.

A súa labor profesional está ligada sobre todo a Ourense; do que foi xefe do Departamento de Pediatría do Hospital Público durante 35 anos, dende 1977 ata a súa xubilación o pasado ano 2011. Ten sido o responsable da atención sanitaria de miles de rapaces ourensáns de varias xeracións.

Baixo a súa dirección obtiveron o título máis de 700 profesionais galegos da atención pediátrica. Ten dirixido 6 teses e 58 tesinas, coa máxima nota.

Ademais, é autor de case 500 comunicacións e de máis de 400 publicacións científicas. Entre outros, foi Premio Nacional de Pediatría Social; catro veces Premio Suárez Perdiguero; ou outras catro veces Premio Cabaleiro Goas.

### **Arsenio Iglesias Pardo**

Este futbolista e adestrador galego nacido en Arteixo (A Coruña) é unha referencia indiscutible do noso deporte.

Como xogador disputou doce tempadas na Primeira División do fútbol español, retirándose profesionalmente en 1965.

Como adestrador, tamén pasou por varios equipos e destaca sobre todo o ascenso do Depor á Primeira División na tempada 90-91, aos que hai que engadir éxitos como que por primeira vez na súa historia, o Depor se clasificase para xogar unha competición europea, a Copa da Uefa, e de gañar o primeiro título oficial da historia do Deportivo da Coruña, a Copa do Rei.

Máis aló dos éxitos na súa traxectoria como futbolista e adestrador, Arsenio Iglesias, é un persoeiro galego apreciado publicamente pola súa idiosincrasia e a súa forma de entender e interpretar a vida.

**Michel Salgado**

Nacido en As Neves (Pontevedra), é outro dos futbolistas máis destacados da historia do deporte galego.

Comezou a súa carreira como futbolista nas categorías inferiores do Celta de Vigo e na temporada 94-95 deu o salto á primeira plantilla do equipo vigués. Consolidouse como un dos mellores defensas do fútbol español, chegando mesmo a participar na Selección de Fútbol española en 1998. Pouco despois, o Real Madrid fichou ó lateral galego e estivo 10 anos no club merengue.

Na actualidade, desenvolve a súa labor deportiva no club inglés Blackburn Rovers.



## **A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA AS APOSTAS DEPORTIVAS NA COMUNIDADE GALEGA**

- ***Créase o Rexistro de Apostas en que deberán inscribirse todas as empresas que comercialicen apostas***
- ***Estímanse uns ingresos de dous millóns de euros no primeiro ano da implantación do decreto***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se aproba o regulamento de apostas na Comunidade Autónoma Galega, que garante a organización e comercialización desta actividade de xeito que se protexan os dereitos dos xogadores e a seguridade e transparencia do desenvolvemento das apostas na nosa Comunidade.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación das apostas realizadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia baseadas en actividades deportivas ou de competición, incluídas tamén as apostas hípcas. O Goberno galego estima que coa implantación deste decreto Galicia acadará uns ingresos tributarios no primeiro ano de dous millóns de euros, cunha previsión de incremento de ata cinco millóns a medida que se vaia avanzando na súa implantación.

Este novo decreto regula a autorización, organización e explotación das apostas e a súa comercialización, calquera que sexa o medio ou o soporte. Tamén regula os lugares, locais e establecementos en que se practiquen apostas, así como os sistemas, materiais e instalacións utilizadas.

Os establecementos en que se poderán formalizar apostas serán tendas específicas de apostas, espazos habilitados en casinos, bingos, salóns de xogo, recintos deportivos e locais de hostalaría. Por outra banda, as empresas que pretendan comercializar apostas deberán previamente inscribirse no Rexistro de Apostas de Galicia e obter a autorización para desenvolver a actividade.

O decreto establece a creación do Rexistro de Apostas en que deberán inscribirse todas as empresas comercializadoras e organizadores desta actividade, así como o procedemento de inscrición, os distintos tipos de empresas que poderán intervenir neste negocio e os requisitos que estas deben cumprir, ademais das autorizacións que poden obter.

Nas tendas de apostas poderán instalarse un máximo de doce terminais, nos casinos, bingos e salas de xogo o número máximo de terminais que se poderán instalar será de cinco e nos establecementos de hostalaría só poderá haber un terminal de xogo.

As empresas de apostas que desexen obter unha autorización para operar en Galicia estarán obrigadas a abrir como mínimo unha tenda específica de apostas e outra por

cada 100 máquinas de apostas que instalen en establecementos de hostalaría, e terán un máximo de 600 terminais.

O decreto tamén regula, entre outras cousas, a prohibición de apostar dos menores de idade, daqueles que voluntariamente o soliciten e das persoas con síntomas de embriaguez, ademais de establecer o réxime de prohibicións e incompatibilidades do persoal das empresas, dos dereitos das persoas usuarias, o control e a inspección da actividade de apostas e do réxime de infraccións e sancións.

## **A XUNTA COLABORA COA FEGAMP PARA A CONTRATACIÓN DE GRUMIR EN 46 CONCELLOS GALEGOS**

- ***Serán beneficiados 15 concellos da provincia da Coruña, 10 de Lugo, 14 de Ourense e 7 de Pontevedra***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a contratación de grumir en 46 concellos galegos.

Mediante este convenio regúlanse as condicións de funcionamento, colaboración e financiamento dun grupo estable e profesionalizado dentro dos grumir das entidades locais galegas, vinculados á existencia dunha estrutura renovable financiada a través de programas de emprego, para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil, prevención e extinción de incendios forestais en Galicia.

A Consellería de Presidencia dará financiamento para os custos que supoñen a operatividade dos grumir estables que contratarán os concellos. A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior será a encargada da dirección e coordinación destes grupos cando fose solicitada a súa colaboración en emerxencias ou activacións de plans da súa competencia.

Entre as numerosas funcións que teñen os grumir están a intervención en incendios forestais no seus municipios e concellos limítrofes, en incendios urbanos, en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra, situacións de seca; colaboración coas autoridades competentes en aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados, en temas de seguridade viaria; realizan actividades e establecen medidas preventivas que diminúen e minimizan situacións de risco; e calquera outra intervención que implique colaboración cos concellos en materia de protección civil, ambiente, servizos sociais, sanidade, culturais, educativos e deportivos.

Os concellos que participan na contratación de persoal para o grumir estable son Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo, na provincia da Coruña. Burela, Cervo, Chantada, Guitiriz, Monforte, Monterroso, A Pontenova, Sarria, Vilalba e Viveiro, na provincia de Lugo.

Na provincia de Ourense, os concellos que terán participación na contratación de persoal para o grumir estable son Allariz, Baños de Molgas, Os Blancos, O Carballiño, Castro Caldelas, A Gudiña, Laza, Lobios, Maceda, Muíños, Ribadavia, Verín, Viana do Bolo e Vilar de Barrio. E finalmente, na provincia de Pontevedra, Bueu, O Grove, A Guarda, Lalín, Redondela, Sanxenxo e Silleda.

## **A XUNTA AUTORIZA O GASTO DE 10,3 MILLÓNS PARA LEVAR A CABO A ROTONDA DE SABÓN, CUXAS OBRAS PODERÁN LICITARSE EN XUÑO**

- *O convenio prevé un investimento de 10,3 millóns de euros, dos cales a Xunta achegará 9,5 e a Deputación da Coruña financiará 750.000 euros*
- *A consignación da entidade provincial este ano permitirá licitar e comezar as obras en 2012*
- *Nestes momentos xa está realizado todo o proceso expropiatorio, o que permite ter os terreos totalmente a disposición para iniciar as obras de forma inmediata.*
- *O obxectivo da actuación é solucionar a conxestión de vehículos nas estradas que dan acceso á zona industrial de Arteixo*
- *Permitirá soportar o volume de tráfico que entra e sae do polígono ou que provén das estradas A Coruña-Cee (AC-552), A Coruña-Sabón (AC-415) ou da vía que une a AG-55 con Sabón (AC-551)*
- *O proxecto tamén considera o desdoblamento da estrada AC-551, que pasará a ter dous carrís por sentido*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o gasto de 10,3 millóns de euros correspondente ao Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e a Deputación Provincial da Coruña para levar a cabo unha nova glorieta a nivel superior (mantendo a glorieta actual) que permitirá absorber os tráfico das estradas AC-552 (A Coruña-Cee), AC-551 (AG-55-Sabón) e DP-0509 en dirección ao polígono de Sabón.

Con base neste documento comprométese o financiamento de 10,3 millóns de euros, dos cales a AXI achegará un total de 9,5 millóns e a Deputación da Coruña financiará 750.000 euros. O convenio coa entidade provincial permitirá á Xunta de Galicia licitar as obras este mes de xuño, co obxectivo de adxudicalas en outubro e comezar a execución no último trimestre do ano.

A Xunta de Galicia está a cumprir os prazos comprometidos para esta actuación. Nestes momentos xa está realizado todo o proceso expropiatorio, o que permite ter os terreos totalmente a disposición para iniciar as obras de forma inmediata.

O obxectivo desta actuación consiste en solucionar a conxestión de vehículos nas estradas que dan acceso á zona industrial de Arteixo. A reordenación do tráfico proxéctase mediante a execución dunha glorieta a nivel superior (sobre a actual) á cal estarán conectadas as estradas AC-551, a DP-0509 e a AC-552 do lado de Vilarrodís (dirección A Coruña), mediante ramais de acceso. A glorieta elevada terá 28 metros de raio e estará encaixada dentro da zona axardinada da glorieta existente.

O proxecto tamén recolle o desdoblamento da estrada AC-551, que pasará a ter dous carrís por sentido. Ademais, co fin de reducir o tráfico dentro da glorieta actual, proxectaranse carrís de acceso directo para os vehículos que realicen o movemento desde a AC-551 cara á AC-552 (sentido á Coruña) e para os vehículos procedentes de Arteixo (AC-552) que desexen incorporarse á AC-551. Na imaxe pódese consultar o trazado.

Esta nova reordenación da glorieta de Sabón permitirá soportar o volume de tráfico que entra e sae do polígono e o que provén das estradas A Coruña-Cee (AC-552), a estrada A Coruña-Sabón (AC-415) ou da vía que une o Polígono de Sabón coa autoestrada A Coruña-Carballo (AC-551). Actualmente, prodúcese continuas retencións que o proxecto pretende solucionar, tanto para o presente como para os proxectos futuros que se están a desenvolver, como o polígono de Morás ou o Porto Exterior.



Na páxina da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (<http://www.cmati.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2917>) está á disposición dos interesados un documento coa planta do proxecto de trazado aprobado.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O GASTO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DA ÁREA RECREATIVA DA ETEA DE VIGO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 840.000 EUROS**

- *Trátase dunha superficie de 7.625 m<sup>2</sup> nos cales se definirán pistas deportivas, un parque infantil e varios espazos para paseo*
- *A Xunta satisface as reivindicacións veciñais, entregando ao barrio e a todos os cidadáns de Vigo este espazo privilexiado e introducindo no proxecto as dotacións solicitadas polos veciños*

A Xunta autorizou na súa sesión de hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a modificación do Plan Económico Financeiro Global para o ano 2012 da Sociedade Pública de Investimentos (SPI) aprobado polo Consello da Xunta o 23 de febreiro, co obxectivo de incorporar o investimento necesario para acometer as obras da zona de usos recreativos da ETEA, en Vigo.


A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas licitará proximamente esta actuación, que suporá humanizar e poñer a disposición da cidadanía a superficie máis próxima á franxa litoral, cun investimento de 840.000 euros.

Trátase dunha superficie de 7.625 m<sup>2</sup> nos cales se definirán pistas deportivas, patinaxe e de *skate*, un parque infantil, así como zonas para paseos, cafetería e vestiarios. Cabe salientar o respecto cara ás árbores valiosas e potenciación da amplitude e o aproveitamento da zona. Tamén se acondicionará un sendeiro peonil no borde litoral que dará continuidade ao actual paseo que une Punta da Guía coa ETEA.

A Xunta satisface ás reivindicacións veciñais, entregando ao barrio e a todos os cidadáns de Vigo este espazo privilexiado e introducindo no proxecto as dotacións solicitadas nas distintas reunións de traballo realizadas coas asociacións veciñais, xa que os veciños van ser os futuros usuarios.

O barrio de Teis presenta un claro déficit de infraestruturas deportivas, de lecer e espaxamento a pesar de ter unha alta densidade de poboación. No proxecto tivéronse en conta as demandas veciñais, a dispoñibilidade do espazo e as características da zona.





## **ECONOMÍA E INDUSTRIA ACHEGA AS VANTAXES QUE OFRECE O IMPULSA LUGO AOS INVESTIDORES PARA POTENCIAR A XERACIÓN DE EMPREGO E RIQUEZA NA PROVINCIA**

- *O Consello da Xunta autorizou un acordo que permitirá ao Igape apoiar o labor da Asociación Impulsora do Plan Lugo para o fomento do Impulsa Lugo ata 2014*
- *Reforzarase a difusión do Impulsa e dos apoios específicos á actividade económica e empresarial, ademais de contribuír tamén á motivación de iniciativas emprendedoras*
- *Dentro das vantaxes do Impulsa Lugo, o programa posibilita que os investidores poidan acceder a subvencións mínimas garantidas de ata o 30% para impulsar proxectos de grandes investimentos*

O Consello da Xunta autorizou un acordo que permitirá á Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, apoiar o labor da Asociación Impulsora do Plan Lugo (AIPL), que ten como obxectivo achegar as vantaxes que ofrece o Plan Impulsa Lugo aos investidores para potenciar a xeración de riqueza e emprego na provincia.

Esta iniciativa está orientada a facer visibles as oportunidades de desenvolvemento empresarial e industrial que ofrece Lugo, ao abeiro das condicións que recolle o Plan Impulsa. Deste xeito, a consellería continúa a promover proxectos en colaboración, tanto no ámbito de mellora da competitividade como no eido da internacionalización.

A consellería considera fundamental o labor de estímulo de cara ao empresario, polo que no marco deste acordo, se reforzará a difusión do plan e dos apoios específicos á actividade económica e empresarial, ademais de contribuír tamén á motivación e difusión entre os emprendedores á xeración de novos proxectos empresarias.

Para o desenvolvemento desta iniciativa, terán lugar seminarios e ciclos informativos, así como actividades institucionais directamente relacionadas coa promoción da empresa lucense. Ademais, apoiaranse os diferentes sectores empresariais, establecendo contactos permanentes cos axentes económicos e institucionais, ao tempo que se promoverá a mellora da competitividade das empresas existentes, incluíndo a mellora do capital humano.

### **Axudas máis intensas**

O programa Impulsa Lugo posibilita que os investidores poidan acceder a subvencións mínimas garantidas de ata o 30% para impulsar proxectos de grandes investimentos (a partir de 200.000 euros) de nova implantación, e axudas do ata o 20% para proxectos de ampliación e modernización.

Do mesmo xeito, os apoios para proxectos de internacionalización empresarial impulsados por empresas localizadas en Lugo poden acadar axudas un 5% superiores ás doutras zonas. O Impulsa Lugo, por outra banda, achega tamén tratamento preferente por localización e máis intensidade de apoios en proxectos de innovación ou mellora da competitividade, así como no acceso a diagnósticos e servizos avanzados no marco do programa re-Acciona.

## **A XUNTA APOIA A CHEGADA DO GAS CANALIZADO A 3.500 VECIÑOS DE MEIRA E A FONSAGRADA EN LUGO**

- ***As infraestruturas suporán a mobilización dun investimento na zona de 350.000 euros***
- ***Coa aprobación deste acordo no Consello da Xunta, o Goberno galego continúa a traballar a prol da gasificación da Comunidade***
- ***Os apoios da Xunta permitiron unha mobilización de investimentos para a penetración de GLP canalizado en Galicia que suma 3,5 millóns na lexislatura e permite contar xa con gas canalizado en 27 concellos***
- ***No caso do gas natural mobilizáronse investimentos de 70 millóns de euros na lexislatura que permiten que o 64% da poboación galega poida ter acceso ao gas natural***

O Consello da Xunta autorizou á Consellería de Economía e Industria a sinatura dun convenio de colaboración para o desenvolvemento dunha infraestrutura na provincia de Lugo que permitirá o acceso ao gas canalizado a unha poboación de 3.500 habitantes nos concellos de Meira e A Fonsagrada. O desenvolvemento destas infraestruturas para a canalización do GLP realizarao a empresa de distribución de gas Repsol Butano, S.A., entre 2012 e 2013, e suporá un investimento total na zona de 350.000 euros.

Ao abeiro destas actuacións, a Xunta de Galicia traballa a prol da gasificación da Comunidade na súa estratexia de potenciar e favorecer a extensión das infraestruturas de distribución de gas canalizado co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico de todo o territorio galego, así como á integración e equilibrio territorial.

No proceso de gasificación de Galicia, o GLP canalizado permite achegar esta modalidade de subministración enerxética a cidadáns de poboacións onde, pola súa distancia aos gasodutos de gas natural, non teñen acceso a esta fonte de enerxía. Ademais, o GLP cobre as necesidades do sector doméstico, comercial e da pequena industria, e estas infraestruturas contan coa vantaxe de que tecnicamente son plenamente compatibles coa subministración de gas natural, o que permitirá no futuro posibles cambios dunha fonte por outra.

Co impulso da Xunta a estes proxectos, Galicia avanza tamén nos obxectivos de eficiencia e aforro da súa planificación enerxética, unha estratexia que prioriza a creación de infraestruturas para a distribución e consumo de gas, como factor de competitividade no tecido empresarial e de mellora da calidade de vida da cidadanía.

Neste sentido, cómpre destacar que os apoios da Xunta de Galicia permitiron unha mobilización de investimentos para a penetración de GLP canalizado que, nesta lexislatura suman preto de 3,5 millóns, para que esta fonte enerxética chegue en total a 27 concellos galegos. Por outra banda, no caso do gas natural mobilizáronse investimentos de 70 millóns de euros, neste período, que fixeron posible que o 64% da poboación galega poida ter acceso ao gas natural, unhas cifras que poderán aumentar ata o 76% na lexislatura.

## **CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL DOS TITULADOS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS**

- *Así no 2012 e 2011 a Consellería oferta case duascenas prazas consolidando a aposta pola investigación*
- *Galicia é a primeira comunidade autónoma en impulsar liñas estratéxicas para a formación no marco dos campus de excelencia internacional: Campus Vida (USC) e Campus do Mar (UVigo)*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá máis de 5,5 millóns de euros na concesión de axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral, no marco do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012, segundo o autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Nesta convocatoria, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad presta especial atención aos sectores estratéxicos nos cales Galicia posúe contrastada potencialidade, o que se reflicte nas modalidades para os campus de excelencia internacional Campus do Mar - liderado pola Universidade de Vigo- e Campus Vida - liderado pola Universidade de Santiago de Compostela-. Deste xeito Galicia pasa a ser a primeira comunidade autónoma que impulsa liñas estratéxicas para a formación nestes ámbitos.

Con estas axudas o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad fomentará que as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) contraten tituladas e titulados superiores para a súa formación como doutores nos seus centros. A contratación deste persoal nas etapas iniciais é de gran relevancia para lograr que o sistema alcance unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación comparable a outros países europeos. Esta etapa constitúe, ademais, a base para que mediante a execución dun proxecto de investigacións se adquiran as habilidades propias do persoal investigador.

### **Contía e requisitos**

A Consellería financiará un máximo de 99 contratos, 75 na modalidade de axudas de apoio á etapa predoutoral de carácter xeral e 12 para as modalidades correspondentes a cada un dos respectivos campus de excelencia.

Deste xeito consolídase o incremento de prazas iniciado pola Consellería o ano pasado. Así, respecto do antigo Plan Incite cómpre sinalar que o número de prazas se incrementou en preto dun 25% nas prazas para a formación na carreira investigadora. Deste xeito en 2012 haberá a maior oferta de contratos programas predoutorais no I+D+i galego.

Poderán solicitar estas axudas, co visto e prace da súa universidade, as tituladas e titulados superiores que se vaian formar como doutores nas universidades do SUG. Os seleccionados quedarán vinculados á universidade onde desenvolven a súa actividade a través dun contrato de traballo en prácticas ou dun contrato laboral.

### **Incompatibilidades**

Os seleccionados para percibir estas axudas poderán recibir bolsas que se convocan para cubrir algunha das accións formativas que vaia realizar segundo o seu proxecto, tales como asistencia a congresos, seminarios e cursos de especialización ou estadias noutros centros para aprender ou intercambiar técnicas de investigación.

Porén, as axudas concedidas serán incompatibles con outras axudas ou subvencións que teñan a mesma finalidade e coa realización doutro traballo remunerado. Tampouco poderá beneficiarse destas axudas quen teña sido contratado coas axudas do Programa María Barbeito do INCITE, Predoutorais do I2C ou outras homologables, agás as axudas predoutorais da propia universidade, ás cales terá que renunciar no caso de ser seleccionado.

A convocatoria desta axudas constitúe unha aposta da Xunta de Galicia polos recursos humanos ligados ao Sistema Galego de I+D+i, unha iniciativa que se está a ver reforzada coa posta en marcha do novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Coñecemento 2011-2015 (I2C).

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN E GRUMICO COLABORARÁN PARA FACILITAR O TRASLADO GRATUÍTO A CENTROS ESCOLARES DE 15 ALUMNOS CON GRAVES DISCAPACIDADES DA PROVINCIA DA CORUÑA**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura do convenio con esta asociación, coa cal se vén colaborando desde 2010***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (Grumico) asinarán un acordo de colaboración para que o alumnado con discapacidade poida desprazarse aos seus respectivos centros educativos. A reunión semanal do Goberno galego deu hoxe o visto e prace a este acordo, do cal se beneficiarán no curso 2012/2013 académico 15 escolares.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, o convenio cobre os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios do alumnado aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e dos alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

Ao abeiro do convenio, Grumico comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Ademais, nos vehículos poderán viaxar os cuidadores daquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. Pola súa banda, a Consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

A Asociación Grumico é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co fin de acadar a máxima atención social aos problemas que presentan, así como a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para o cal colabora con organismos e entidades que teñen relación coa problemática dos discapacitados.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Cultura e Educación facilita o acceso á escolarización ao alumnado galego, de acordo co compromiso reflectido no Decreto para a atención á diversidade, publicado polo actual departamento educativo da Xunta de Galicia.



## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN COLABORARÁ CON ACEESCA PARA FACILITAR O TRANSPORTE ESCOLAR GRATUÍTO DE 29 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura do convenio con esta asociación, coa cal se vén colaborando desde 2010***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborará coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), para que o alumnado con discapacidades poida desprazarse aos seus respectivos centros educativos de forma totalmente gratuíta.

Ao abeiro destes convenio, financiarase o importe do desprazamento de ida e volta de 29 alumnas e alumnos da provincia de Pontevedra desde os domicilios dos estudantes aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador cando este coincida co horario escolar. O servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan, e nel prestaranse os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Ademais, nos vehículos poderán viaxar os cuidadores daquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

O obxectivo deste convenio é dar resposta ás necesidades de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades educativas especiais.

Coa sinatura deste convenio a Consellería reafirma o seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, para fomentar o seu acceso á escolarización en igualdade de condicións.

## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III AMPLÍAN A SÚA COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN NO CAMPO DO VIH/SIDA**

A infección polo VIH e a Sida seguen a representar un problema sanitario e social de gran magnitude. Desde a aparición dos fármacos antirretrovirais, cada vez é maior o número de pacientes a tratamento e cun maior número de axentes terapéuticos.

Desde o campo da saúde pública é de grande interese realizar a vixilancia epidemiolóxica das cepas causantes de novas infeccións en Galicia, así como obter información sobre grupos poboacionais entre os que se estean a transmitir variantes virais con maior rapidez, por se fose necesario reforzar ou implementar medidas preventivas para o seu control.

Ademais, aínda que nestes momentos a prevalencia de cepas resistentes aos antirretrovirais está a diminuír debido á eficacia dos fármacos comercializados, segue a ser necesario o estudo de resistencias a estes medicamentos.

En consecuencia, ten grande interese coñecer cales son as mutacións de resistencia atopadas en pacientes tratados e non tratados, o que podería ser indicador da terapia de inicio ou cambio terapéutico. Ademais, a terapia será máis eficaz por ter a seguridade de que os distintos fármacos empregados manteñen completa a súa actividade.

Por todo o antedito, a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III continúan coa colaboración establecida hai xa 11 anos coa sinatura dun novo convenio, que xa leva proporcionado coñecementos importantes sobre as cepas que circulan na nosa Comunidade e permitiu a Galicia ter hoxe unha poboación estudada de referencia a nivel mundial.

Os datos que esta colaboración achegou nestes anos son de enorme importancia para as actividades de saúde pública e para a planificación no campo sanitario, e os seus resultados xa foron publicados en varias revistas de gran prestixio internacional.

O convenio que agora se asina terá un período de vixencia de dous anos e o seu importe acada a cifra total de 45.430 euros.

## **A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA CONTARÁ CON 74 PRAZAS MÁIS GRAZAS A UN INVESTIMENTO DE 740.000 EUROS**

- *Deste xeito, a oferta actual deste centro de atención a nenos e nenas de 0 a 3 anos pasará das 115 prazas actuais a un total de 189, o que supón un aumento do 65 por cento*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración neste sentido entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Ribeira*
- *A previsión é que as obras de ampliación da escola infantil estean rematadas a finais deste ano*

A escola infantil municipal de Ribeira contará con 74 prazas máis grazas a un investimento de 740.000 euros. Deste xeito, a oferta de prazas públicas da localidade pasará das 115 actuais a un total de 189, o que supón un aumento do 65 por cento.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración neste sentido entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Ribeira. O orzamento destinado á ampliación da escola será achegado polo Goberno central, o galego e a propia Administración local.

Este aumento de prazas, que se distribuirán en cinco unidades, favorecerá a conciliación da vida laboral, familiar e persoal das familias do concello e da contorna que fagan uso deste centro. Está previsto que as obras de ampliación, que comezarán ao longo do mes de xullo, estarán rematadas en decembro deste ano.

Esta ampliación inscríbese na aposta do Goberno galego por poñer en marcha novas prazas de escolas infantís públicas para os nenos e nenas de 0 a 3 anos. Así, no que vai de lexislatura, puxéronse en marcha máis de 2.400 prazas. Grazas a este incremento, a rede de prazas públicas de Galicia ascende a máis de 17.600 en total.

Na provincia da Coruña durante estes tres anos, abríronse máis de 1.000 novas prazas de escolas infantís, de xeito que a oferta actual supera as 2.900, o que supón un incremento do 61 por cento.

## **A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE LIÑA DE ALTA TENSIÓN SOBRE TERREOS MANCOMUNADOS DE RIBADEO**

- ***O acordo do Consello comprende unha superficie de 4,42 hectáreas de montes veciñais en man común pertencentes ás comunidades de Anzas de Covelas e de Piñeira***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de alta tensión da subestación Folgosa, sobre a cal cualifica os montes veciñais en man común Trabas, Cobreira, Grandas, Penatallada e Reme; e Os Chaos, pertencentes respectivamente ás comunidades de Anzas de Covelas e Piñeira, no concello lucense de Ribadeo.

Este proxecto -que conta cunha superficie total de afección de 4,42 hectáreas- permitirá mellorar a subministración eléctrica na contorna de Ribadeo.

Tras a autorización do proxecto por parte da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria, o Servizo de Montes da provincia de Lugo remitiu informe favorable, tendo en conta todas as razóns e conveniencia deste servizo público e do uso de enerxía limpa na zona.

Á vista de toda a documentación do expediente, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar propuxo emitir informe favorable sobre esta prevalencia en virtude do artigo 6 do Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.